



## **CIRCULAR 10-2025.**

### **XXIX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 23 EN PC**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Sub 23 de Pista Curta, o 26 de xaneiro en Expourense (Ourense).**

**Art.2).- Poderán participar atletas con licenza na presente tempada pola FGA.**

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 20 de xaneiro.**

**Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.**

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 22 de xaneiro e serán remitidas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal)

**Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora.**

**Art.6).- Distancias mínimas das liñas de batida no triplo:**

Mulleres	9 m
Homes	11 m

**Art.7).- Cadencias nos saltos verticais.**

Altura Mulleres	1,25 - 1,31 - 1,37 - 1,41 - 1,45 e de 3 en 3 cm
Altura Homes	1,50 - 1,56 - 1,62 - 1,66 - 1,70 e de 3 en 3 cm
Pértega Mulleres	2,30 - 2,50 - 2,65 - 2,80 - 2,95 - 3,10 e de 10 en 10 cm
Pértega Homes	2,95 - 3,15 - 3,35 - 3,50 - 3,65 - 3,80 e de 10 en 10 cm

- ❖ Serán modificadas en caso de que se realicen simultaneamente os concursos masculino e feminino.

**Art.8).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.9).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.**



**Art.10).- Cámara de chamadas.**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.**

<b>SAÍDA A PISTA</b> <b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
Carreiras	6'
Valos	8'
Concursos	20'
Pértega*	35'

\*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

**Art.11).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, nos seguintes casos:**

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos, non tome parte da mesma.

**Art.12).- Horario** (poderá ser modificado en función das inscricións)

<b>Sub 23</b>						
Hora	Carreiras		S. Horizontais	Saltos verticais		Lanzamentos
16:30	60 valos (1,06)	Homes	Lonxitude H	Altura M	Pértega H	Peso M
16:40	60 valos (0,84)	Mulleres				
16:55	60	Homes				
17:10	60	Mulleres				
17:25	3000	Homes	Lonxitude M			
17:45	3000	Mulleres				Peso H
18:05	200	Homes				
18:15				Altura H		
18:30					Pértega M	
18:35	200	Mulleres				
18:50			Tripló H			
18:55	800	Homes				
19:03	800	Mulleres				
19:10	1500	Homes				
19:20	1500	Mulleres				
19:30	400	Homes				
19:35			Tripló M			
19:38	400	Mulleres				

- ❖ No caso de que a inscrición nos saltos horizontais e no peso posibilite a realización simultánea dos concursos masculino e feminino, a previsión é de facelos na seguinte orde: peso, lonxitude, tripló.
- ❖ No caso de que a inscrición nos saltos verticais posibilite a realización simultánea dos concursos masculino e feminino, a previsión é de facelos na seguinte orde: altura e pértega.



**Art.13).- Entrega de premios:**

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

<b>17:30</b>	<b>18:45</b>	<b>19:45</b>
--------------	--------------	--------------

**Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 08 de xaneiro de 2025**

**Yolanda González Fernández**  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**